



NORMATIVA Nº 14

CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB

SALA E AIRE LIBRE



INDICE:

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- INSCRICIÓN DE CLUBS
- 3.- COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS
- 4.- FASE DE DESARROLLO
 - 4.1.- FASE PRELIMINAR
 - 4.2.-FASE DE GRUPOS
 - 4.3.-FASE FINAL
- 5.- TROFEOS
- 6.- INFRAESTRUCTURA
- 7.- COMITE TÉCNICO
- 8.- CALENDARIO DO CAMPIONATO
- 9.- REGULAMENTO
- 10.- COMITE ORGANIZADOR
- 11.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓN



NORMATIVA Nº 14

CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB

SALA E AIRE LIBRE



1. INTRODUCCION

1.1.- O Campionato Galego de Equipos de Club é unha competición que se celebra separadamente doutros Campionato Galegos, dirixida unicamente a equipos formados por membros dun club que teñan xestionadas as súas licenzas a traves do mesmo.

1.2.- A Competición desenvolverase para as divisións de Arco Recurvo, Arco Composto e Arco Tradicional (sen distinción entre arco instintivo ou arco recto)

1.3.- O Campionato desenvolverase nun único día.

2. INSCRIPCIONS DE CLUBS

2.1.- Todo Club membro da FGTA podera inscribir mais dun equipo por división, nominandolos con letras (A,B, C.....), que indicara o seu orden de inscrición. Tamen podera indicarse un nome distintivo.

2.2.- Despois de ter inscrito un equipo por Club, si existisen postos libre, estes adxudicariáanse por orden de inscrición.

2.3.- Para que se celebre o Campionato nesa división deberá haber un mínimo de 4 equipos inscritos.

2.4.-O custo da inscrición por equipo e división será o establecido na Normativa 7.

2.5.- Aquel equipo que non teña abonada a cota de inscrición antes do peche da inscrición da competición quedara excluído do Campionato e o seu posto sera ocupado polo primeiro equipo en reserva, si existe.

2.6.- O número máximo de equipos por división será de 16.. No caso de ter máis de 16 inscricións as catro primeiras prazas asignaranse pola clasificación do Campionato do ano anterior e o resto por orden de inscrición

3. COMPOSICION DOS EQUIPOS

3.1.- Cada un dos equipos dun Club estará formado por un mínimo de tres e un máximo de seis compoñentes sin distinción de sexo, podendo inscribir ademais un capitán.

3.2.- A composición dos equipos estará definida antes de comezar o campionato e non podera modificarse durante o mesmo.



NORMATIVA Nº 14

CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB

SALA E AIRE LIBRE



3.3.- En cada fase poderan participar todos o compoñentes do equipo. Poidendo realizar cambios nos arqueiros que compiten antes do inicio de cada serie ou enfrontamento, unha vez iniciada a serie ou enfrontamento non podera substituírse ningún compoñente por ningunha causa.

4. FASE DE DESARROLLO

4.1. FASE PRELIMINAR

4.1.1. Estará composta por dúas series de equipos de 24 frechas cada unha, tiradas en catro (4) tandas de seis (6) frechas, cada membro do equipo tirara dúas (2) frechas.

Co total da suma dos puntos obtidos nas dúas series elaborárase un ranking que permitirá posicionar os equipos nos distintos grupos.

4.1.2. Clasificación para a Fase de Grupos.

- a) Na división que estén inscritos máis de oito (8) equipos, clasificarán os oito (8) primeiros, e con eles faranse dous grupos:

Grupo A:
1º Equipo 1º Clasificado
2º Equipo 4º Clasificado
3º Equipo 5º Clasificado
4º Equipo 8º Clasificado

Grupo B:
1º Equipo 2º Clasificado
2º Equipo 3º Clasificado
3º Equipo 6º Clasificado
4º Equipo 7º Clasificado

- b) Na división na que estén inscritos de oito (8) a catro (4) equipos, clasificarán os catro (4) primeiros, e con eles farase un único grupo

Grupo A:
1º Equipo 1º Clasificado
2º Equipo 2º Clasificado
3º Equipo 3º Clasificado
4º Equipo 4º Clasificado

Os empates para a clasificación resolveranse según regulamento WA



NORMATIVA Nº 14

CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB

SALA E AIRE LIBRE



4.2. FASE DE GRUPOS

4.2.1. Todos os equipos dos grupos levaran a cabo os seguintes enfrontamentos:

1º Enfrontamento	1º Equipo - 4º Equipo
	2º Equipo - 3º Equipo
2º Enfrontamento	1º Equipo - 3º Equipo
	2º Equipo - 4º Equipo
3º Enfrontamento	1º Equipo - 2º Equipo
	3º Equipo - 4º Equipo

4.2.2. Nos enfrontamentos da fase de grupos asignaranse dous (2) puntos por encontro gañado e cero (0) por encontro perdido, no caso de empate a cada un dos equipos asignarase un (1) punto.

4.2.3. Unha vez resoltos todos os encontros, os equipos ordenaranse polos puntos obtidos. No caso de empate terase en conta o tanteo (puntuación total obtida, exceptuando os puntos obtidos en desempates) da fase preliminar, de persistir o empate resolverase tirando 3 frechas por equipo (Norma WA)

4.3. FASE FINAL

4.3.1. Tirarase a un so enfrontamento

4.3.2. Os equipos clasificados disputaran as seguintes finais:

Ouro	1º Grupo A - 1º Grupo B
Bronce	2º Grupo A - 2º Grupo B
5º-6º posto	3º Grupo A - 3º Grupo B
7º-8º posto	4º Grupo A - 4º Grupo B

Para división con un so grupo as finais seran como sigue:

Ouro	1º Grupo A - 2º Grupo A
Bronce	3º Grupo A - 4º Grupo A

5. TROFEOS

5.1. DIPLOMA

A FGTA entregará un diploma acreditativo os equipos campións.

5.2. TROFEOS E MEDALLAS

Entregarase trofeo os tres primeiros equipos clasificados en cada división e medalla a cada un dos seus componentes, facilitados polo club colaborador

	<h1 style="margin: 0;">NORMATIVA Nº 14</h1> <h2 style="margin: 0;">CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB</h2> <h3 style="margin: 0;">SALA E AIRE LIBRE</h3>	
---	--	---

6. INFRAESTRUCTURA

O club colaborador deberá dispoñer do espacio suficiente para 16 parapetos.

O Club colaborador asinará coa FGTA o protocolo de competición no que se establecen as condicións mínimas que se deben cumprir para o desenvolvemento do Campionato.

7. COMITÉ TÉCNICO

A FGTA asumirá o coste dos xuíces do Campionato. O nomeamento dos mesmos será coordinado entre o Comité de Xuíces e os Organizadores.

8. CALENDARIO DO CAMPIONATO

Aprobado pola Asemblea Xeral da FGTA realizarase nun so día.

9. REGULAMENTO

Aplicárase o regulamento WA, de Aire Libre ou de Sala (según proceda).

Todos os compoñentes dun equipo, incluído o capitán deberán levar a mesma uniformidade. Aplicándose os criterios da WA

Normativa 1 da FGTA de Campionato Galegos. E Normativa 7 de Taxas.

Calquera cuestión non contemplada nesta Normativa, será resolta pola FGTA e trasladada a Comisión Delegada para a súa ratificación se procede.

10. COMITÉ ORGANIZADOR

Estará formado polas persoas que o club colaborador designe e a FGTA. Será o encargado de controlar o bo desenvolvemento de cada proba e do envío da documentación á FGTA.

O Comité organizador nomeará a dúas persoas que serán as responsables do desenvolvemento da proba e que estarán en contacto cos xuíces e cos competidores para comunicar calquera cambio ou incidencia que poidera xurdir.

	NORMATIVA Nº 14 CAMPIONATO GALEGO DE EQUIPOS DE CLUB SALA E AIRE LIBRE	 
---	---	--

Expoñerá en lugar visible a listaxe de competidores, a composición dos equipos e os resultados

11. APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

Aprobada na reunión da Comisión Delegada de 21 de novembro de 2016